

## RECURSOS HUMANOS

**ASUNTO: Proposta de aprobación de lista definitiva de admitidos e excluídos correspondente as prazas de Inspector de Medio Ambiente, Alguacil e Oficial Xardineiro, incluídas nas Ofertas de Emprego Público correspondentes aos anos 2010 e 2011 na súa segunda fase.**

### INFORME-PROPOSTA

No Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 239, de 11 de decembro de 2015, publícase anuncio que contén a lista provisional de admitidos e excluídos para a provisión de, entre outras, das seguintes prazas: Alguacil (1 promoción interna), Oficial Xardineiro (1 promoción interna) e Inspector/a de Medio Ambiente (3 promoción interna), contidas nas Ofertas de Emprego Público correspondentes aos anos 2010-2011, así como a proposta para a designación dos membros integrantes dos órganos de selección, lugares e datas de celebración dos exercicios correspondentes. Así mesmo, concedíase un prazo de 10 días hábiles para que os excluídos puidesen emendar os defectos que motivaron a súa exclusión e para a abstención e recusación dos membros dos órganos de selección. Ademais, no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal publícase listaxe provisional de admitidos a cada unha das probas.

No prazo regulamentario outorgado para completar a documentación ou emendar os defectos observados, presentou reclamación a través de rexistro a seguinte aspirante :

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> del Carmen Galego Sánchez, a través de escrito doc. 150172624 de data 23/12/2005, que resultou excluída inicialmente para optar a praza de Inspector de Medio Ambiente por non acreditar o desempeño de funcións de inspección, segundo establecían as bases da convocatoria, solicitou a súa inclusión na lista definitiva ao considerar que reúne os requisitos suficientes para optar a referida praza.

Examinada a súa reclamación desestímase a mesma toda vez que de conformidade coas Instrucións de Plantilla vixentes, non consta acto administrativo nin instrución de servizo que autorice o desempeño de funcións de categoría superior as da praza desde a que solicita promocionar, polo que queda definitivamente excluída para participar nas probas selectivas pola mesma causa pola que foi excluída inicialmente.

En consecuencia, de conformidade coas competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e de conformidade co acordo da Xunta de Goberno Local de 19/06/2015, sobre a delegación de competencias en materia de persoal, sométese á consideración do Concelleiro-Delegado da Área de xestión Municipal e Persoal a seguinte RESOLUCIÓN:


**“Primeiro.-** Declarar definitivamente excluídos/as por non emendar os erros polos que foron excluídos provisionalmente, aos seguintes aspirantes para a praza de Inspector/a de Medio Ambiente

APELIDOS	NOME	DNI	CAUSA
CID GONZÁLEZ	ALBERTO	36089878A	12
GALEGO SÁNCHEZ	MARÍA CARMEN	36028052R	12
PEREIRA FONA	JUAN JOSÉ	36074823J	12

### CORRESPONDENCIAS DOS CÓDIGOS NUMÉRICOS

(12) Por non acreditar o desempeño de funcións de inspección segundo establecen as bases da convocatoria.

**Segundo.-** Declarar definitivamente admitidos aos/ás seguintes aspirantes, segundo acordo da Xunta de

	Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 11/01/2016 10:13	Páxina 1 de 2
	Expediente 27392/220	Código de verificación: 25EE3-2EEDA-5A435-85ABC	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Goberno Local de data 04/12/2015), para cubrir en propiedade distintas prazas de funcionarios de carreira e persoal laboral fixo, incluídas nas ofertas de emprego público 2010-2011 (segunda fase):

**ALGUACIL-Promoción Interna**

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	YÁÑEZ RODRÍGUEZ	JULIO	36031496H

**OFICIAL XARDINEIRO/A.- Promoción Interna**

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	LÓPEZ ARJONA	FRANCISCO JAVIER	36050927Z
2	RODRIGUEZ BARBOSA	FRANCISCO JOSÉ	77001814E

**INSPECTOR DE MEDIO AMBIENTE.- Promoción Interna**

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	COMESAÑA SOLLA	ANTONIO	36040596X
2	ESPAÑA PIÑEIRO	JOSÉ ANTONIO	36037970Y
3	MARTÍNEZ GIRÁLDEZ	GABRIEL	34872355P

**Terceiro.-** Que polo servizo de Recursos Humanos se proceda á publicación no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)), da presente resolución, que contén relación definitiva de admitidos/as e excluídos/as ás convocatorias para a provisión das seguintes prazas: Alguacil (1 promoción interna), Oficial Xardineiro (1 promoción interna) e Inspector/a de Medio Ambiente (3 promoción interna), contidas nas Ofertas de Emprego Público correspondentes aos anos 2010-2011, de conformidade co previsto nas bases da convocatoria”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende a publicación do mesmo, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

EFC/bl

O TÉCNICO DE ORGANIZACIÓN E PLANIFICACIÓN DE RECURSOS HUMANOS.- Ezequiel Fernández Carpiñero.

CONFORME:

A XEFA DO SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS.- María Dapena Gómez

DECRETO

RESOLVO de conformidade coa precedente proposta.

O CONCELEIRO-DELEGADO DA ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL E PERSOAL (Decreto de Alcaldía e Acordo XGL de 19/06/2015).- Javier Pardo Espiñeira.

Dou fe,

A SECRETARIA DO GOBERNO LOCAL.- M<sup>a</sup>. Concepción Campos Acuña.

